

CONVENCIÓN RELATIVA AO ESTATUTO DOS REFUXIADOS

Adoptada a 28 de Xullo de 1951 pola Conferencia das Nacións Unidas de Plenipotenciarios sobre o Estatuto dos Refuxiados e Apátridas, convocada pola Resolución 429 (V) da Asemblea Xeral, de 14 de Decembro de 1950.

Entrada en vigor na orde internacional: 22 de Abril de 1954, en conformidade con o Artigo 43º.

Preámbulo

As Altas Partes Contratantes:

Considerando que a *Carta das Nacións Unidas* e a *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*, aprobada en 10 de Decembro de 1948 pola Asemblea Xeral, afirmaran o principio de que os seres humanos, sen distinción, deben desfrutar dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais;

Considerando que a Organización das Nacións Unidas manifestou varias veces a súa profunda solicitude para con os refuxiados e que se preocupou de asegurar-lles o exercicio mais lato posíbel dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais;

Considerando que é desexábel rever e codificar os acordos internacionais anteriores relativos ao estatuto dos refuxiados, así como alargar a aplicación de aqueles instrumentos e a protección que estes constitúen para os refuxiados, por medio de novo acordo;

Considerando que da concesión do dereito de asilo poden resultar encargos excepcionalmente pesados para algúns países e que a solución satisfactoria dos problemas de que a organización das Nacións Unidas recoñeceu o alcance e carácter internacionais non pode, nesta hipótese, obter-se sen unha solidariedade internacional;

Expresando o desexo de que todos os Estados, recoñecendo o carácter social e humanitario do problema dos refuxiados, fagan todo o que estexa no seu poder para evitar que este problema se torne causa de tensión entre Estados;

Rexistando que o Alto-Comisariado das Nacións Unidas para os Refuxiados ten a misión de velar pola aplicación das convencións internacionais que aseguran a protección dos refuxiados, e recoñecendo que a coordinación efectiva das medidas tomadas para resolver este problema dependerá da cooperación dos Estados con o Alto-Comisariado:

Acordaron nas disposicións seguintes:

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º : Definición do termo “refuxiado”

A. Para os fins da presente Convención, o termo “refuxiado” aplicará-se a calquer persoa:

1. Que teña sido considerada refuxiada en aplicación dos arranxos de 12 de Maio de 1926 e de 30 de Xuño de 1928, ou en aplicación das Convencións de 28 de Outubro de 1933 e de 10 de Febreiro de 1938 e do Protocolo de 14 de Setembro de 1939, ou aínda en aplicación da Constitución da Organización Internacional dos Refuxiados.

As decisións de non elegibilidade tomadas pola Organización Internacional dos Refuxiados encanto durar o seu mandato non obstan a que se conceda a condición de refuxiado às persoas que cumpran os requisitos previstos no Parágrafo 2 da presente Sección;

2. Que, en consecuencia de acontecementos ocorridos antes de 1 de Xaneiro de 1951, e receando, con razón, seren perseguidas en virtude da súa raza, relixión, nacionalidade, filiación en certo grupo social ou das súas opinións políticas, se encontren fora do país de que teñen a nacionalidade e non podan ou, en virtude dese receio, non queiran pedir a protección daquel país; ou que, se non tiveren nacionalidade ou estiveren fora do país no cal tiña a súa residencia habitual após aqueles acontecementos, non podan ou, en virtude do dito receio, a el non queiran voltar.

No caso de unha persoa que teña máis de unha nacionalidade, a expresión “do país de que teñen nacionalidade” refírese a cada un dos países de que esa persoa ten a nacionalidade. Non será considerada privada da protección do país de que ten a nacionalidade calquer persoa que, sen razón válida, fundada nun receio xustificable, non teña pedido a protección de un dos países de que ten a nacionalidade.

B.

1. Para os fins da presente Convención, as palabras “aconcementos ocorridos antes de 1º de Xaneiro de 1951”, que figuran no Artigo 1 da Sección A, poderán comprender-se no sentido que de:
 - a) acontecementos ocorridos antes de 1º de Xaneiro de 1951 na Europa; quer de
 - b) acontecementos ocorridos antes de 1º de Xaneiro de 1951 na Europa ou fora desta;

e cada Estado Contratante, no momento da asinatura, ratificación ou adhesión fará unha declaración na cal indicará o alcance que tenden dar a esta expresión, no que di respecto às obrigacións por el asumidas, en virtude da presente Convención.

2. Calquer Estado Contratante que teña adoptado a fórmula (a) poderá en calquer altura alargar as súas obrigacións adoptando a fórmula (b), por comunicación a facer ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

C. Esta Convención, nos casos mencionados a seguir, deixará de ser aplicábel a calquer persoa abranxida polas disposicións da Sección A:

1. se voluntariamente voltar a pedir a protección do país de que ten a nacionalidade; ou
2. se, tendo perdido a nacionalidade, a tiver recuperado voluntariamente; ou
3. se adquiriu nova nacionalidade e goza da protección do país de que adquiriu a nacionalidade; ou
4. se voltou voluntariamente a instalar-se no país que deixou ou fora do cal ficou con receio de ser perseguido; ou
5. se, tendo deixado de existir as circunstancias en consecuencia das cais foi considerada refuxiada xa non puder continuar a recusar pedir a protección do país de que ten a nacionalidade;

Entendendo-se, contodo, que as disposicións do presente Parágrafo se non aplicarán a ningún refuxiado abranxido polo Parágrafo 1. da Sección A do presente Artigo que poda invocar, para se recusar a pedir a protección do país de que ten a nacionalidade, razóns imperiosas relacionadas con persecucións anteriores;

6. Tratando-se de unha persoa que non teña nacionalidade, se, tendo deixado de existir as circunstancias en consecuencia das cais foi considerada refuxiada, está en condicións de voltar ao país no cal tiña a residencia habitual;

Entendendo-se, contodo, que as disposicións do presente Parágrafo se non aplicarán a ningún refuxiado abranxido polo Parágrafo 1. da Sección A do presente Artigo que poda invocar, para se recusar a voltar ao país no cal tiña a residencia habitual, razóns imperiosas relacionadas con persecucións anteriores.

D. Esta Convención non será aplicábel às persoas que actualmente benefician de protección ou asistencia da parte de un organismo ou institución das Nacións Unidas para os Refuxiados.

Cando esa protección ou asistencia tiver cesado por calquer razón sen que a sorte desas persoas teña sido definitivamente resolvida, en conformidade con as resolucións respectivas aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, esas persoas beneficiarán de pleno dereito do rexime desta Convención.

E. Esta Convención non será aplicábel as persoas que as autoridades competentes do país no cal estableceron residencia consideren con os dereitos e obrigacións adscritos à pose da nacionalidade dese país.

F. As disposicións desta Convención non serán aplicábeis às persoas acerca das cais existan razóns ponderosas para pensar:

- (a) Que cometeran un crime contra a paz, un crime de guerra ou un crime contra a Humanidade, segundo o significado dos instrumentos internacionais elaborados para prever disposicións relativas a eses crimes;
- (b) Que cometeran un grave crime de dereito comum fora do país que a acolleu, antes de neste seren aceptadas como refuxiadas;
- (c) Que practicaron actos contrários aos obxectivos e principios das Nacións Unidas.

Artigo 2º: Obrigacións xerais

Cada refuxiado ten para con o país en que se encontra deberes que inclúen en especial a obrigación de acatar as leis, regulamentos e as medidas para o mantemento da orde pública.

Artigo 3º: Non discriminación

Os Estados Parte aplicarán as disposicións desta Convención aos refuxiados sen discriminación de raza, relixión ou país de orixe.

Artigo 4º: Relixión

Os Estados Parte concederán aos refuxiados nos seus territorios un tratamento polo menos tan favorábel como o concedido aos nacionais no que di respecto à liberdade de practicar a súa relixión e no que se refere à liberdade de instrución relixiosa dos seus fillos.

Artigo 5º: Dereitos concedidos independentemente desta Convención

Nengunha disposición desta Convención prexudica outros dereitos e vantaxes concedidos aos refuxiados, independentemente desta Convención.

Artigo 6: A expresión “nas mesmas circunstancias”

Para os fins desta Convención, os termos “nas mesmas circunstancias” implican que todas as condicións que deberían ser satisfeitas pola persoa interesada para poder exercer o dereito en cuestión, se non fose refuxiada (e en particular as condicións relativas à duración e condicións de permanencia ou residencia), deben ser por ela satisfeitas, con excepción das condicións que, en virtude da súa natureza non pode ser satisfeitas por unha persoa refuxiada.

Artigo 7º: Dispensa de reciprocidade

Salvas as disposicións mais favorábeis previstas por esta Convención, cada Estado Contratante concederá aos refuxiados o rexime que conceder aos estranxeiros en xeral.

Despois de un prazo de residencia de tres anos, todos os refuxiados, nos territorios dos Estados Contratantes, beneficiarán da dispensa de reciprocidade legislativa.

Cada Estado contratante continuará a conceder aos refuxiados os dereitos e vantaxes aos cais xa podían pretender, na falta de reciprocidade, na data da entrada desta Convención en vigor en relación ao referido Estado.

Os Estados Contratantes estudarán con benevolencia a posibilidade de conceder aos refuxiados, na falta de reciprocidade legislativa, dereitos e vantaxes entre aqueles a que os refuxiados poden pretender en virtude dos Parágrafos 2 e 3, así como a posibilidade de facer beneficiar da dispensa de reciprocidade os refuxiados que non satisfagan as condicións indicadas nos Parágrafos 2 e 3.

As disposicións dos Parágrafos 2 e 3 aplican-se tanto aos dereitos e vantaxes indicados nos artigos 13, 18, 19, 21 e 22 desta Convención como aos dereitos e vantaxes por ela non previstos.

Artigo 8º: Dispensa de medidas excepcionais

No que di respecto ás medidas excepcionais que podan tomar-se contra a persoa, bens ou intereses dos nacionais de determinado Estado, os Estados Contratantes non aplicarán esas medidas a un refuxiado que sexa nacional do referido Estado unicamente en virtude da súa nacionalidade. Os Estados Contratantes que, pola súa lexislación, non podan aplicar o principio xeral consagrado neste Artigo, concederán, nos casos apropiados, dispensas a favor deses refuxiados.

Artigo 9º: Medidas provisórias

Nengunha das disposicións da presente Convención terá o efecto de impedir un Estado Contratante, en tempo de guerra ou noutras circunstancias graves e excepcionais, tomar en relación a determinada persoa, provisoriamente, as medidas que ese Estado considerar indispensábeis á seguranza nacional, desde que o referido Estado estableza que esa persoa é efectivamente unha refuxiada e que o mantemento das referidas medidas é necesaria no interese da seguranza nacional.

Artigo 10º: Continuidade de residencia

Cando un refuxiado tiver sido deportado durante a segunda guerra mundial e transportado para o territorio de un dos Estados Contratantes e ali residir, a duración desa estadia forzada contará como residencia regular nese territorio.

Cando un refuxiado tiver sido deportado do territorio de un Estado Contratante durante a segunda guerra mundial e teña voltado a ese territorio despois da entrada desta Convención en vigor, para nel establecer residencia, o período que preceder e o

que se seguir a esa deportación serán considerados, para todos os fins para os cais sexa necesaria unha residencia ininterrupta, un só período ininterrupto.

Artigo 11º: Marítimos refuxiados

No caso de refuxiados que traballen regularmente como tripulantes dun navio que use bandeira de un Estado Contratante, ese estado examinará con benevolencia a posibilidade de autorizar os referidos refuxiados a establecer-se no seu territorio e de lles expedir documentos de viaxe, ou de admiti-los temporariamente no seu territorio, en particular con o fin de facilitar a súa instalación noutro país.

CAPÍTULO II

CONDICIÓN XURÍDICA

Artigo 12º: Estatuto persoal

O estatuto persoal de cada refuxiado será rexido pola lei do país do seu domicilio, ou, na falta de domicilio, pola lei do país de residencia.

Os dereitos precedentemente adquiridos polo refuxiado e resultantes do estatuto persoal, e en particular os que resulten do casamento, serán respectados por cada Estado Contratante, resalvando-se, cando sexa o caso, cumprimento das formalidades previstas pola lexislación do referido Estado, entendendo-se, contodo, que o dereito en causa debe ser dos que terian sido recoñecidos pola lexislación do referido Estado se o interesado non se tivese tornado refuxiado.

Artigo 13º: Propriedade mobiliária e imobiliária

Os Estados Contratantes concederán a todos os refuxiados un tratamento tan favorável canto for posíbel, e en calquer caso un tratamento non menos favorável que o concedido, nas mesmas circunstancias, aos estranxeiros en xeral, no que se refere à adquisición da propiedade mobiliária e imobiliária e outros dereitos que a estas se refiran, ao arrendamento e aos outros contratos relativos à propiedade mobiliária e imobiliária.

Artigo 14º: Propriedade intelectual e industrial

En materia de protección da propiedade industrial, en particular de invencións, deseños, modelos, marcas de fábrica, nome comercial, e en materia de protección da propiedade literaria, artística e científica, todos os refuxiados, no país onde teñen a residencia habitual, beneficiarán da protección concedida aos nacionais do referido país. No territorio de calquer dos outros Estados Contratantes beneficiarán da protección concedida no referido territorio aos nacionais do país no cal teñen a residencia habitual.

Artigo 15º: Dereitos de asociación

Os Estados Contratantes concederán aos refuxiados que residan regularmente nos seus territorios, no que se refere ás asociacións de obxectivos non políticos e non lucrativos e aos sindicatos profesionais, o tratamento máis favorábel concedido aos nacionais de un país estranxeiro, nas mesmas circunstancias.

Artigo 16º: Dereito de sustentar acción en xuízo

Todos os refuxiados, nos territorios dos Estados Contratantes, terán libre e fácil acceso aos tribunais.

Os refuxiados, no Estado Contratante onde teñen a residencia habitual, beneficiarán do mesmo tratamento que os nacionais no que di respecto ao acceso aos tribunais, incluíndo a asistencia xudicial e a isención da caución *Judicatum solvi*.

Nos Estados Contratantes outros que aqueles en que teñen residencia habitual, no que di respecto ás cuestións mencionadas no Parágrafo 2, os refuxiados beneficiarán do mesmo tratamento que os nacionais do país en que teñen a residencia habitual.

CAPÍTULO III

EMPREGOS LUCRATIVOS

Artigo 17º: Profesións asalariadas

Os Estados Contratantes concederán a todos os refuxiados que residan regularmente nos seus territorios o tratamento máis favorábel concedido, nas mesmas circunstancias, aos nacionais de un país estranxeiro no que di respecto ao exercicio de unha actividade profesional asalariada.

En todo caso, as medidas restritivas aplicadas aos estranxeiros ou ao emprego de estranxeiros para protección do mercado nacional do traballo non serán aplicábeis aos refuxiados que xa estaban dispensados delas à data de entrada desta Convención en vigor polo Estado Contratante interesado ou que satisfagan unha das condicións seguintes:

- a) Ter tres anos de residencia no país;
- b) Ter por cónxuxe unha persoa con a nacionalidade do país de residencia. Nengun refuxiado poderá invocar o beneficio desta disposición se tiver abandonado o cónxuxe;
- c) Ter un ou máis fillos con a nacionalidade do país de residencia.

Os Estados contratantes estudarán con benevolencia a aprobación de medidas destinadas a assimilar os dereitos de todos os refuxiados no que di respecto ao exercicio das profesións asalariadas aos dos seus nacionais, isto en especial no que se refere aos refuxiados que entraran nos seus territorios en aplicación de un programa de recrutamento de mao-de-obra ou de un plano de inmigración.

Artigo 18º: Profesi3ns non asalariadas

Os Estados Contratantes conceder3n aos refuxiado que se encontren regularmente nos seus territorios o tratamento tan favor3vel canto pos3vel e en todo o caso non menos favor3vel que o concedido, nas mesmas circunstancias, aos estranxeiros en xeral, no que di respecto ao exercicio de unha profisi3n non asalariada na agricultura, ind3stria, artesanato e com3rcio, asi como 3 criaci3n de sociedades comerciais e industriais.

Artigo 19º: Profesi3ns liberais

Os Estados Contratantes conceder3n aos refuxiados residentes regularmente nos seus territorios, que sexan titulares de diplomas recoñecidos polas autoridades competentes dos ditos Estados e desexen exercer unha profisi3n liberal, tratamento tan favor3vel canto pos3vel e en todo caso tratamento non menos favor3vel que o concedido, nas mesmas circunstancias, aos estranxeiros en xeral.

Os Estados Contratantes far3n todo o que estexa no seu poder, en conformidade con as suas leis e constituici3ns, para asegurar a instalaci3n de tais refuxiados nos territorios, que non o metropolitano, de que asumen a responsabilidade das relaci3n internacionais.

CAPÍTULO IV

BEN-ESTAR

Artigo 20º: Racionamento

Cando exista un sistema de racionamento aplicado 3 xeneralidade da poblaci3n, que regule a repartici3n xeral de produtos de que hai escasez, os refuxiados ser3n tratados como nacionais.

Artigo 21º: Aloxamento

No que di respecto a aloxamento, os Estados Contratantes conceder3n un tratamento tan favor3vel canto pos3vel aos refuxiados que residan regularmente nos seus territorios, na medida en que esta cuesti3n caia sob a alzada das leis e regulamentos ou estexa suxeito 3 vixil3ncia das autoridades p3blicas; de todos os modos, este tratamento non poder3 ser menos favor3vel que o concedido, nas mesmas circunstancias, aos estranxeiros en xeral.

Artigo 22º: Educaci3n p3blica

Os Estados Contratantes conceder3n aos refuxiados o mesmo tratamento que aos nacionais en mat3ria de ensino prim3rio.

Os Estados Contratantes conceder3n aos refuxiados un tratamento tan favor3vel canto for pos3vel, e en todo caso non menos favor3vel que o concedido aos estranxeiros en xeral nas mesmas circunstancias, canto 3s categorias de ensino outras que o prim3rio, e en particular no que se refere ao acceso aos estudos, ao recoñecimento de certificados

de estudos, diplomas e títulos universitarios obtidos no estranxeiro, ao pagamento de dereitos e taxas e à atribución de bolsas de estudo.

Artigo 23º: Asistencia pública

Os Estados Contratantes concederán aos refuxiados que residan regularmente nos seus territorios o mesmo tratamento que aos seus nacionais en materia de asistencia e auxilio público.

Artigo 24º: Lexislación do traballo e seguranza social

1. Os Estados Contratantes concederán aos refuxiados que residan regularmente nos seus territorios o mesmo tratamento que aos nacionais no que di respecto às materias seguintes:

- a) Na medida en que estas cuestións foren regulamentadas pola lexislación ou dependan das autoridades administrativas: a remuneración, incluíndo os abonos de familia, cando eses abonos fagan parte da remuneración, a duración do traballo, as horas suplementares, as férias pagas, as restricións ao traballo caseiro, a idade de admisión en emprego, a aprendizaxe e a formación profesional, o traballo das mulleres e dos adolescentes e o beneficio das vantaxes proporcionadas polas convencións colectivas;
- b) A seguranza social (as disposicións legais relativas aos accidentes de traballo, doenzas profesionais, maternidade, doenza, invalidez e morte, desemprego, encargos de familia e calquer outro risco que, en conformidade con a lexislación nacional, estexa coberto por un sistema de seguro social), resalvando-se:
 - i) Os arranxos apropiados que se destinen a manter dereitos adquiridos e dereitos en curso de adquisición;
 - ii) As disposicións particulares prescritas pola lexislación, nacional do país de residencia acerca das prestacións ou fraccións de prestacións pagábeis exclusivamente polos fondos públicos, así como dos abonos pagos às persoas que non reúnen as condicións de cotización esixidas para a atribución de unha pensión normal.

2. Os dereitos e prestación criados polo falecemento de un refuxiado, en consecuencia de un accidente de traballo ou de unha doenza profesional, non serán afectados polo feito de o beneficiario dese dereito estar fora do territorio do Estado Contratante.

3. Os Estados Contratantes ampliarán os refuxiados o beneficio dos acordos que asinaren ou veñan a asinar entre si, acerca da manutención dos dereitos adquiridos ou en curso de adquisición en materia de seguranza social, desde que os refuxiados reúnan as condicións previstas para os nacionais dos países signatarios dos acordos en cuestión.

4. Os Estados Contratantes examinarán con benevolencia a posibilidade de ampliar aos refuxiados, tanto canto sexa posible, o beneficio de acordos análogos que

estexan ou veñan a estar en vigor entre eses Estados Contratantes e Estados non contratantes.

CAPÍTULO V

MEDIDAS ADMINISTRATIVAS

Artigo 25º: Auxilio administrativo

1. Cando o exercicio de un dereito por un refuxiado careza normalmente do concurso de autoridades estranxeiras ás cais poda recorrer, os Estados Contratantes en cuxos territorios resida proverán para que ese concurso lle sexa prestado, quer polas súas propias autoridades, quer por unha autoridade internacional.

2. A ou as autoridades indicadas no Parágrafo 1. expedirán ou mandarán expedir ao refuxiados, sob fiscalización súa, os documentos ou certificados que normalmente serían expedidos a un estranxeiro polas súas autoridades nacionais ou polo seu intermedio.

3. Os documentos ou certificados que así sexan expedidos substituirán os actos oficiais expedidos a estranxeiros polas súas autoridades nacionais ou polo seu intermedio e farán fé até prova en contrario.

4. Salvo as excepción que veñan a ser admitidas a favor dos indixentes, os servizos mencionados no presente artigo poderán ser retribuídos, mais estas retribucións serán moderadas e en relación con as cobranzas feitas aos nacionais por servizos análogos.

5. As disposicións deste Artigo non afectan nada os Artigos 27. e 28.

Artigo 26: Liberdade de circulación

Os Estados Contratantes concederán aos refuxiados que se encontren regularmente nos seus territorios o dereito de neles escolleren o lugar de residencia e circulan libremente, con as reservas instituídas pola regulamentación aplicábel aos estranxeiros en xeral nas mesmas circunstancias.

Artigo 27: Documentos de identidade

Os Estados Contratantes expedirán documentos de identidade a todos os refuxiados que se encontren nos seus territorios e non posúan documento de viaxe válido.

Artigo 28: Documentos de viaxe

1. Os Estados Contratantes expedirán aos refuxiados que residan regularmente nos seus territorios documentos con os que podan viaxar fora deses territorios, a non ser que a iso se opoñan razóns imperiosas de seguranza nacional ou de orde pública; as disposicións do Anexo a esta Convención aplicarán-se a estes documentos. Os Estados Contratantes poderán expedir un deses documentos de viaxe a calquer outro refuxiado que se encontre nos seus territorios, concederán atención especial aos casos de

refuxiados que se encontren nos seus territorios e non estexan en condicións de obter documento de viaxe do país de residencia regular.

2. Os documentos de viaxe expedidos nos termos de acordos internacionais anteriores polas Partes neses acordos serán recoñecidos polos Estados Contratantes e tratados como se tivesen sido expedidos aos refuxiados en virtude deste artigo.

Artigo 29: Encargos fiscais.

1. Os Estados Contratantes non aplicarán aos refuxiados dereitos, taxas, impostos, sexa cal for a súa denominación, diferentes ou mais altos que os aplicados aos seus nacionais en situacións análogas.

2. As disposicións do parágrafo precedente non se opoñen à aplicación aos refuxiados das disposicións das leis e regulamentos relativos às taxas devidas pola emisión de documentos administrativos, inclusive os documentos de identidade, aos estranxeiros.

Artigo 30: Transferencia de haveres

1. Os Estados Contratantes permitirán aos refuxiados, en conformidade con as leis e regulamentos dos seus países, transferir os haveres que teñan traído para os seus territorios para o territorio de outro país onde teñan sido aceptados para nele se reinstalaren.

2. Os Estados Contratantes concederán atención benevolente aos pedidos apresentados por refuxiados que desexen obter autorización para transferir caisquer outros haveres necesarios para a súa reinstalación noutro país en que teñan sido aceptados para nele se reinstalaren.

Artigo 31: Refuxiados en situación irregular no país de acollida

1. Os Estados Contratantes non aplicarán sancións penais, debido a entrada ou estada irregulares, aos refuxiados que, chegando directamente do territorio onde a súa vida ou liberdade estaban ameazadas no sentido previsto polo Artigo 1., entren ou se encontren nos seus territorios sen autorización, sempre que se presenten sen demora às autoridades e lles expoñan razóns consideradas válidas para a súa entrada ou presenza irregulares.

2. Os Estados Contratantes non aplicarán aos desprazamentos deses refuxiados outras restricións alén das necesarias; esas restricións só se aplicarán encanto se aguarde a regularización do estatuto deses refuxiados no país de acollida ou que os refuxiados obteñan entrada noutro país. Para esta admisión, os Estados Contratantes concederán a eses refuxiados un prazo razoável e todas as facilidades necesarias.

Artigo 32: Expulsión

1. Os Estados Contratantes só expulsarán un refuxiado que se encontre regularmente nos seus territorios por razóns de seguraza nacional ou orde pública.

2. A expulsión de un refuxiado só se fará en execución de unha decisión tomada en conformidade con o proceso previsto pola lei. O refuxiado, a non ser que razóns imperiosas de seguraza nacional a iso se opoñan, deberá ser autorizado a apresentar probas capaces de o eximir de culpa, a apelar e a facer-se representar para ese efecto perante unha autoridade competente ou perante unha ou mais persoas especialmente designadas pola autoridade competente.

3. Os Estados Contratantes concederán a ese refuxiado un prazo razoável para este procurar ser admitido regularmente noutro país. Os Estados Contratantes poderán aplicar durante ese prazo as medidas de orde interna que entenderen oportunas.

Artigo 33: Prohibición de expulsar e de trasladar

1. Nengun dos Estados Contratantes expulsará ou trasladará un refuxiado, sexa de que maneira for, para as fronteiras dos territorios onde a súa vida ou a súa liberdade sexan ameazados en virtude da súa raza, relixión, nacionalidade, filiación en certo grupo social ou opinións políticas.

2. Contodo, o beneficio da presente disposición non poderá ser invocado por un refuxiado que teña razóns sérias para considerar perigo para a seguraza do país onde se encontra, ou que, tendo sido obxecto de una condena definitiva por un crime ou delito particularmente grave, constitua ameaza para a comunidade dese país.

Artigo 34: Naturalización

Os Estados Contratantes facilitarán, en toda a medida do posíbel, a asimilación e naturalización dos refuxiados. Esforzarán-se en especial por axilizar o proceso de naturalización e por diminuír, en toda a medida do posíbel, as taxas e encargos dese proceso.

CAPÍTULO VI

DISPOSICIÓN EXECUTÓRIAS E TRANSITÓRIAS

Artigo 35: Cooperación das autoridades nacionais con as Nacións Unidas.

1. Os Estados Contratantes obrigan-se a cooperar con o Alto Comisariado das Nacións Unidas para os Refuxiados, ou con calquer outra institución das Nacións Unidas que o suceda no exercicio das súas funcións e, en particular, a facilitar a súa misión de vixilancia da aplicación das disposicións desta Convención.

2. A fin de permitir ao Alto Comisariado, ou calquer outra institución das Nacións Unidas que o suceda, presentar relatórios aos órganos competentes das Nacións Unidas, os Estados Contratantes obrigan-se a dar-lles na forma apropiada as informacións e os datos estatísticos pedidos acerca:

- (a) do estatuto dos refuxiados;
- (b) da aplicación desta Convención, e
- (c) das leis, regulamentos e decretos que estexan ou entren en vigor no que se refere aos refuxiados.

Artigo 36: Informacións acerca das leis e regulamentos nacionais

Os Estados Contratantes comunicarán ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas os textos das leis e regulamentos que viñeren a promulgar para promover a aplicación desta Convención.

Artigo 37: Relacións con as convencións anteriores

Sen prexuízo das disposicións do 2 do Artigo 28, esta Convención, entre as Partes na Convención, substituí os Acordos de 5 de Xullo de 1992, 31 de Maio de 1924, 12 de Maio de 1926, 30 de Xuño de 1928 e 30 de xullo de 1935, e igualmente as Convencións de 28 de Outubro de 1933, 10 de Febreiro de 1938, o Protocolo de 14 de Setembro de 1939 e o Acordo de 15 de Outubro de 1946.

CAPÍTULO VII

CLÁUSULAS FINAIS

Artigo 38: Solución dos litixios

Calquer litixio entre as Partes nesta Convención, relativo à súa interpretación e aplicación, que non teña podido ser resolvido por outros medios, será submetido ao Tribunal Internacional de Xustiza, a pedido de unha das Partes no litixio.

Artigo 39: Asinatura, ratificación e adhesión

1. Esta Convención será patente à asinatura en Xenebra en 28 de Xullo de 1951 e, despois desa data, depositada xunto do Secretario-Xeral das Nacións Unidas. Será patente à asinatura no Servizo Europeu das Nacións Unidas de 28 de Xullo a 31 de Agosto de 1951, voltando despois a ser patente à asinatura na sede da Organización das Nacións Unidas de 17 de Setembro de 1951 a 31 de Decembro de 1952.

2. Esta convención será patente à asinatura de todos os Estados Membros da Organización das Nacións Unidas, así como de calquer outro Estado non membro, convidado para a Conferencia de Plenipotenciarios sobre o Estatuto dos Refuxiados e Apátridas, ou de calquer outro Estado ao cal a Asemblea Xeral teña enviado convite para asinar. Deverá ser ratificada e os instrumentos de ratificación serán depositados xunto do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

3. Os Estados mencionados no 2 do presente Artigo poderán aderir a esta Convención a partir de 28 de Xullo de 1951. A adhesión fará-se polo depósito de un instrumento de adhesión xunto do Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 40: Cláusulas de aplicación territorial

1. Calquer Estado, no momento da asinatura, ratificación ou adhesión, poderá declarar que esta Convención abranxerá o conxunto dos territorios que representa no plano internacional, ou un ou algúns deles. Esa declaración producirá efecto no momento da entrada da Convención en vigor para o dito Estado.

2. En calquer momento ulterior, esta extensión fará-se por notificación dirixida ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas e producirá efecto a partir do nonaxésimo día seguinte à data en que o Secretario-Xeral das Nacións Unidas tiver recibido a notificación, ou na data da entrada da Convención en vigor para o dito Estado, se esta última data for posterior.

3. No que se refere aos territorios aos cais esta Convención non se aplique na data da asinatura, ratificación ou adhesión, cada Estado interesado examinará a posibilidade de tomar tan depressa canto posíbel todas as medidas necesarias para se obter a aplicación desta Convención aos ditos territorios, salvo, cando for o caso, o asentimento dos gobernos deses territorios, se necesario por razóns constitucionais.

Artigo 41: Cláusula federal

No caso de un Estado federativo ou non unitario, aplicarán-se as disposicións seguintes:

- a) No que di respecto aos artigos desta Convención cuxa aplicación cai sob a alzada da acción legislativa do poder legislativo federal, as obrigacións do Goberno federal serán, nesa medida, as mesmas que as das Partes que non son Estados federativos;
- b) No que di respecto aos artigos desta Convención cuxa aplicación cai sob a alzada da acción legislativa de cada un dos Estados, provincias ou cantóns constituintes, que, en virtude do sistema constitucional da Federación, non sexan obrigados a tomar medidas legislativas, o Goberno federal, o mais rapidamente posíbel e con o seu parecer favorable dará coñecimento dos ditos artigos às autoridades competentes dos Estados, provincias ou cantóns.
- c) Un Estado federativo Parte nesta Convención comunicará, a pedido de calquer outro Estado Contratante, que lle sexa transmitida polo Secretario-Xeral das Nacións Unidas unha exposición da lexislación e prácticas en vigor na Federación e as súas unidades constituintes, no que se refere a determinada disposición da Convención, indicando a medida na cal se deu efecto à dita disposición, por medio de acción legislativa ou outra.

Artigo 42: Reservas

1. No momento da asinatura, ratificación ou adhesión, calquer Estado poderá formular reservas aos artigos da Convención que non son os Artigos 1, 3, 4, 16 (1), 33, 36 a 46, inclusive.

2. Calquer Estado Contratante que teña formulado unha reserva, en conformidade con o 1 deste Artigo, poderá en calquer altura retirá-la por comunicación a facer ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 43: Entrada em vigor

1. Esta Convención entrará en vigor no nonaxésimo día seguinte à data do depósito do sexto instrumento de ratificación ou adhesión.

2. Para cada un dos Estados que ratificaren a Convención ou a esta adheriren, depois do depósito do sexto instrumento de ratificación ou adhesión, a Convención entrará en vigor no nonaxésimo día seguinte à data de depósito do instrumento de ratificación ou adhesión dese Estado.

Artigo 44: Denúncia

1. Calquer Estado Contratante poderá denunciar a Convención en calquer momento, por notificación a facer ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

2. A denuncia terá efecto para o estado interesado un ano despois da data na cal tiver sido recibida polo Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

3. Calquer Estado que teña feito unha declaración ou notificación en conformidade con o Artigo 40 poderá comunicar posteriormente ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas que a Convención deixará de aplicarse a calquer territorio designado na comunicación. A Convención cesará enton de aplicar-se no territorio en cuestión un ano despois da data en que o Secretario-Xeral tiver recibido esa comunicación.

Artigo 45: Revisión

1. Calquer Estado Contratante poderá en calquer altura, por meio de comunicación ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas, pedir a revisión desta Convención.

2. A Asemblea Xeral das Nacións Unidas recomendará as medidas a tomar, se for o caso, a respeito dese pedido.

Artigo 46: Comunicacions polo Secretario-Xeral das Nacións Unidas

O Secretario-Xeral das Nacións Unidas comunicará a todos os Estados Membros das Nacións Unidas e aos Estados non membros indicados no Artigo 39:

- a) as declaracións e comunicacións indicadas na sección B do Artigo 1;
- b) as asinaturas, ratificacións e adhesións indicadas no Artigo 39;
- c) as declaracións e comunicacións indicadas no Artigo 40,
- d) as reservas formuladas ou retiradas que se indican no Artigo 42;
- e) a data en que esta Convención entrará en vigor, en aplicación do Artigo 43;

- f) as denuncias e comunicacións indicadas no Artigo 44,
- g) os pedidos de revisión indicados no Artigo 45.

En fé do que os abaixo asinados, devidamente autorizados, asinaron a presente Convención en nome dos seus Governos respectivos.

Feito en Xenebra, a 28 de Xullo de 1951, nun único exemplar, cuxos textos inglés e francés fan fé por igual e que será depositado nos arquivos da Organización das Nacións Unidas, e de que se enviarán cópias devidamente certificadas a todos os Estados Membros das Nacións Unidas e aos Estados non membros indicados no Artigo 39.

